

# 4

## A poboación e as actividades económicas de Europa e España

### O Airbus, un avión europeo

Un dos produtos máis complexos de fabricar é un avión. Non só pola precisión que esixe a súa montaxe, senón tamén polo custosa que resulta a súa produción.

Por este motivo, cando en Europa se pensou en crear unha empresa aeroespacial que competise co primeiro fabricante mundial de avións, Estados Unidos, tivéronse que unir catro países do continente: Alemaña, Francia, Reino Unido e España. Así xurdiu Airbus, a segunda empresa do mundo na fabricación de avións.

A cooperación de moitas persoas permitiu a construción do avión de pasaxeiros con máis prazas do mundo, o Airbus 380. Para conseguilo, os seus empregados requiren un gran coñecemento técnico: formación en aeronáutica, informática, electrónica...

Grazas ao esforzo compartido fíxose realidade a fabricación dun dos mellores avións do mundo.



### Le e comprende o problema

- Que coñecementos son necesarios para construír un avión?
- Que países europeos se uniron para crear Airbus?
- Por que cres que foi necesaria a colaboración de varios países para construír estes avións?
- Como se chama o avión con capacidade para máis pasaxeiros do mundo?
- A que sector económico pertence a fabricación dun avión? O transporte de pasaxeiros, pertence ao mesmo sector económico? Por que?
- **EXPRESIÓN ORAL.** Cres que é mellor traballar en equipo ou de forma individual? Cales son as vantaxes de traballar en equipo? Pensa en tres cousas positivas de cooperar con outras persoas e compárteas cos compañeiros.

### ➔ SABER FACER



#### TAREFA FINAL

##### Negociar un acordo

Ao terminar a unidade, participarás nun proceso de negociación similar ao que realizan os países para chegar a acordos de carácter comercial.

Antes, vas estudar como é a poboación e cales son os sectores produtivos máis importantes de Europa e España.



## QUE SABES XA?



### A poboación

A poboación distribúese de forma irregular polo territorio. A maioría concéntrase en vilas e cidades, mentres que nas aldeas viven menos persoas.

- A que actividades económicas se dedica principalmente a poboación rural?

### O traballo

Os traballos que obteñen produtos da natureza pertencen ao **sector primario**. Os traballos que transforman as materias primas en produtos elaborados pertencen ao **sector secundario**. Os traballos que dan servizos pertencen ao **sector terciario**.

- Que se transforma na industria téxtil? E na construción?  
Que servizos prestan os medios de comunicación?



# A poboación de Europa e España

## As características da poboación

Europa é un continente moi poboado. Nel viven máis de 700 millóns de persoas, deles, uns 47 millóns viven en España.

A principal característica da poboación europea é o envellecemento dos seus habitantes. Isto débese:

- Á **baixa natalidade**. En Europa nacen poucos nenos.
- Á **alta esperanza de vida**. En Europa, as persoas teñen posibilidade de vivir moitos anos. A esperanza de vida dun europeo é duns 78 anos. En España, a esperanza de vida é superior: está arredor dos 82 anos.

Por estas razóns, o crecemento da poboación europea é moi lento.

## A distribución da poboación

A maior parte da poboación europea é urbana: 7 de cada 10 europeos vive en cidades. A densidade de poboación media de Europa é duns 70 hab./km<sup>2</sup>. <sup>1</sup>


Con todo, a poboación europea distribúese de forma irregular polo territorio. <sup>2</sup>

- **Zonas cunha densidade de poboación moi elevada.** Encóntranse fundamentalmente no centro de Europa. Países como Luxemburgo, Países Baixos, Bélxica, Alemaña e Francia teñen as densidades de poboación máis altas.
- **Zonas cunha densidade de poboación moi baixa.** Encóntranse no norte de Europa: Islandia, Noruega, Finlandia, Suecia e Rusia. Estes países teñen un clima moi frío, pouco apropiado para a vida humana.


A densidade de poboación de España é duns 93 hab./km<sup>2</sup>.

As zonas con maiores densidades de poboación sitúanse na costa, na Comunidade de Madrid, nas illas e nas capitais de provincia. No interior localízanse as zonas con menores densidades, como as provincias de Soria e Teruel, con densidades inferiores a 10 hab./km<sup>2</sup>.

A poboación española concéntrase nas cidades: 8 de cada 10 españois viven en cidades.



<sup>1</sup> Mapa da densidade de poboación de Europa.



<sup>2</sup> Países de Europa con maior número de habitantes.



# O sector primario en Europa e en España

O sector primario comprende as actividades que obteñen produtos directamente da natureza. As principais actividades deste sector son a agricultura, a gandaría e mais a pesca.

En Europa o sector primario emprega a uns 5 traballadores de cada 100. <sup>1</sup> Cifra moi semellante á que se dá en España, onde 4 traballadores de cada 100 teñen ocupación neste sector.

## A agricultura

A agricultura é a actividade do sector primario que ocupa máis persoas en Europa.


É unha actividade bastante desenvolvida grazas ao emprego de modernos procedementos de cultivo así como á utilización de maquinaria que facilita as diferentes tarefas agrícolas.

No continente europeo distínguense dúas grandes zonas dedicadas á agricultura: a Gran Chaira Europea e Rusia, e a conca do Mediterráneo.

- A **Gran Chaira Europea e Rusia**. É unha zona moi fértil onde destaca o cultivo de cereais, como o trigo e a cebada, así como de pataca e remolacha. <sup>2</sup>
- A **conca do Mediterráneo**. Nesta zona alternan cultivos de secaño, como o trigo, a vide e a oliveira, con cultivos de regadío, como hortalizas e froitas.

En España, os cultivos característicos son os da Europa mediterránea, é dicir, a alternancia entre cultivos de secaño e de regadío.

- Os **cultivos de secaño** ocupan a maior parte da superficie cultivada en España. Os cereais, a vide e a oliveira son os produtos máis estendidos, sobre todo en Castela-A Mancha, Castela e León e Andalucía.
- Os **cultivos de regadío** abranguen arredor do vinte por cento da superficie agrícola. Obtéñense froitas, arroz e hortalizas. Son frecuentes na Comunidade Valenciana, na Rexión de Murcia e en Andalucía.



<sup>1</sup> Gráfico da poboación ocupada no sector primario en Europa.



<sup>2</sup> Campo de cultivo en Alemaña.



<sup>3</sup> Gandaría bovina en Francia.

## A gandaría

A gandaría en Europa ocupa un papel importante. De feito, é a segunda actividade en número de persoas ocupadas do sector primario. En Europa, a gandaría pode ser intensiva ou extensiva.

- A **gandaría intensiva**. Predomina nos países do norte e centro de Europa. Nestas zonas abundan as grandes explotacións dedicadas á cría de gando bovino, ovino e porcino. **3**
- A **gandaría extensiva**. Predomina nos países da conca do Mediterráneo. Críase fundamentalmente gando bovino e ovino.

En España, o gando máis abundante é o porcino, que se cría principalmente en Cataluña e Aragón, seguido do ovino, que se cría en Extremadura, Castela e León e Castela-A Mancha, sobre todo.

## A pesca

Nos últimos anos, a pesca en Europa foi reducindo a súa actividade, debido a que se esgotaron os **caladoiros** europeos, e só se manteñen os do mar do Norte e do Ártico.

Con todo, grazas aos acordos internacionais, os barcos europeos poden pescar en mares e océanos doutros continentes.

A pesar diso, Europa é a **terceira potencia** pesqueira mundial con países como Rusia, Noruega, Islandia, Dinamarca e Reino Unido. Estes países teñen unha importante frota pesqueira.

Pola súa parte, España é un dos principais países pesqueiros non só de Europa, senón do mundo.

Na actualidade, en España conviven a **pesca de baixura**, que se realiza preto da costa en pequenos barcos, e a **pesca de altura**, realizada en grandes buques factoría que poden permanecer longas tempadas en alta mar.

## A explotación forestal e a minaría

Outras actividades do sector primario en Europa son a explotación forestal e a minaría. **4**

- A **explotación forestal**. Localízase, sobre todo, nas zonas máis ao norte de Europa: Noruega, Suecia e Finlandia.
- A **minaría**. Hai xacementos de carbón en Reino Unido, Alemaña e Polonia; de ferro, en Suecia, Francia e Ucraína. Tamén se extraen petróleo e gas en Noruega e Rusia.



- 4** A. Bosques de piñeiros en Finlandia.  
B. Extracción de petróleo en Noruega.

## ACTIVIDADES

### 1 Contesta.

- Cales son as principais zonas agrícolas e gandeiras en Europa?
- En que tipo de gandaría destaca España?
- En que países ten importancia a minaría? Por que?

### 2 EXPRESIÓN ESCRITA. Escribe un texto en que expliques o que é un caladoiro e pon exemplos.

# O sector secundario en Europa e en España

O sector secundario agrupa as actividades económicas que se dedican a transformar as materias primas en produtos elaborados.

En Europa o sector secundario ocupa a uns 27 traballadores de cada 100. <sup>1</sup> No caso de España, ocupa a 22 de cada 100 traballadores.

## A industria


Europa é un dos continentes máis industrializados do mundo. Segundo os produtos que se obteñen, a industria pódese clasificar en tres tipos:

- A **industria de base**. Dedicase á fabricación de produtos que son necesarios para outros tipos de industria. Localízase, fundamentalmente, en Alemaña, Francia, Rusia e Ucraína. As principais industrias de base son:
  - A **industria siderúrxica**, é a que elabora o ferro. <sup>2</sup>
  - A **industria metalúrxica**, é a que produce minerais metálicos diferentes do ferro.
- A **industria de bens de equipo**. Encárgase de elaborar maquinaria, ferramentas, material de transporte, madeira, etc. Localízase, sobre todo, en Alemaña, Francia, España, Italia, Reino Unido e Países Baixos.
- A **industria de bens de consumo**. Proporciona produtos que están destinados aos consumidores. As industrias de consumo máis importantes son a **alimentaria**, a **farmacéutica**, a **electrónica**, a industria do **automóbil** <sup>3</sup> e a **téxtil**. Este tipo de industria esténdese por toda Europa.

En España, a industria é a actividade do sector secundario que lles dá emprego a máis persoas: 14 de cada 100 persoas que traballan neste sector fano na industria.

A maioría das fábricas españolas son pequenas e medianas. As máis importantes son a alimentaria, a metalúrxica, a de material de transporte e a química.

As principais rexións industriais están en Cataluña, País Vasco, a Comunidade Valenciana e a Comunidade de Madrid.



<sup>1</sup> Persoas que traballan no sector secundario en Europa.



<sup>2</sup> Industria siderúrxica en Rusia.



<sup>3</sup> Fabricación de automóviles en Alemaña.



4 Mapa da actividade industrial en Europa.

## SABER MÁIS

### A construción

A construción é unha actividade do sector secundario que ten unha grande importancia na economía de Europa e, por suposto, tamén na de España. Isto débese a que implica a outras actividades do sector secundario e incluso do sector terciario, como as industrias de materiais de construción, a siderurxia, o transporte e os servizos financeiros.

Con todo, a crise económica que se iniciou en 2008 afectou especialmente a esta actividade. Desde entón, a construción practicamente paralizouse e as consecuencias diso foron o peche de empresas e a perda de moitos postos de traballo.



## TRABALLA COA IMAXE

Observa o mapa 4 e contesta.

- Que tipo de industrias se representaron no mapa?
- Onde se sitúan os principais centros industriais de Europa?
- Cales son os principais tipos de industria de España?

## ACTIVIDADES

- 1 Que actividades comprende o sector secundario? Cantas persoas traballan neste sector en Europa?
- 2 **EXPRESIÓN ESCRITA.** Explica por escrito as diferenzas entre industrias de base, industrias de bens de equipo e industrias de bens de consumo.



# O comercio en Europa e en España

O sector terciario ou sector servizos agrupa as actividades económicas que se dedican a prestar servizos.

En Europa o sector terciario ocupa arredor de 68 traballadores de cada 100. No caso de España, a 74 de cada 100 traballadores. <sup>1</sup>

Algunhas das actividades máis destacadas deste sector son o comercio, o transporte e o turismo.

## O comercio

O comercio é o servizo a través do cal os produtos que se obteñen nos sectores primario e secundario se ofrecen e son adquiridos polos consumidores a cambio de diñeiro.

O comercio pódese realizar entre distintos países ou dentro dun mesmo país.


- O **comercio exterior** é o que se realiza entre países.
  - Cando un país vende un produto a outro país realiza unha **exportación**.
  - Cando un país compra un produto a outro país realiza unha **importación**.
- O **comercio interior** é o que se realiza dentro dun mesmo país. Pode ser retallista ou polo miúdo ou almacenista.
  - O **comercio polo miúdo** é o que vende directamente aos consumidores en cantidades normalmente pequenas. Por exemplo, unha tenda, un supermercado ou un gran centro comercial son comercios retallistas. <sup>2</sup>
  - O **comercio almacenista** compra grandes cantidades de mercadorías aos produtores e véndelas aos comercios polo miúdo. Por exemplo, os mercados centrais.

## O comercio en Europa


Europa é o continente en que se establecen máis intercambios comerciais do mundo.

Os países europeos **exportan** produtos químicos, metalúrxicos, material relacionado co transporte, material tecnolóxico e produtos agrícolas.

Por outra parte, os países europeos **importan** petróleo e materias primas.



<sup>1</sup> Persoas que traballan no sector terciario en Europa.



<sup>2</sup> O comercio polo miúdo. A. Posto de flores en Ámsterdam, en Países Baixos. B. Centro comercial en París, en Francia.

## O comercio en España

En España, o comercio é a actividade do sector terciario que proporciona máis empregos.

- O **comercio interior**. O comercio **polo miúdo** realízase en pequenas tendas e grandes superficies. Na periferia das grandes cidades desenvóléronse grandes centros de distribución onde se realiza o comercio **almacenista**.
- O **comercio exterior**. España mantén relacións comerciais principalmente cos países da Unión Europea, Estados Unidos, China e Rusia. <sup>3</sup>
  - As **exportacións**. España véndelle ao exterior produtos industriais, alimentos e bebidas, calzado e vehículos.
  - As **importacións**. España compra, fundamentalmente, vehículos; produtos enerxéticos, como o petróleo e o gas; produtos farmacéuticos e maquinaria.


### SABER MÁIS

#### A libre circulación de mercadorías na Unión Europea (UE)

Normalmente, cando un camión transporta mercadoría a outro país, ao chegar á fronteira ten que deterse e declarar que tipo de mercadoría leva, de onde procede e incluso ten que pagar unha cantidade de diñeiro por pasar esa mercadoría a ese país.

No ano 1957 seis países europeos: Alemaña, Francia, Luxemburgo, Países Baixos, Bélxica e Italia acordaron eliminar as barreiras que dificultaban o comercio entre eles e crear un mercado común que funcionase coma se fose o dun só país.

Así xurdiu a Unión Europea, organización á que pertence España desde 1986.



- <sup>3</sup> Países cos que España mantén relacións comerciais.  
A. Importacións. B. Exportacións.


### TRABALLA COA IMAXE

Observa os gráficos e contesta.

- Cales son os tres países aos que España lles compra máis produtos?
- A que continente pertencen?
- Cales son os tres países aos que España exporta máis produtos?
- A que continente pertencen?
- A que países España compra produtos e en cambio non lles vende?

### ACTIVIDADES

#### 1 Completa o esquema.



# O transporte e o turismo en Europa e en España

## O transporte

O transporte é unha das actividades máis importantes do sector terciario. Consiste no traslado de persoas e de mercadorías dun lugar a outro.

Europa posúe a rede de transportes por estrada e ferrocarril máis densa do mundo. **1**

En canto á navegación marítima, ten portos con moito tráfico de mercadorías, como Róterdam e Hamburgo.

Tamén conta cunha das redes de transporte aéreo máis importantes e modernas do mundo.

Os aeroportos de Londres, París e Fráncfort están entre os máis transitados do planeta. **2**

En España, nos últimos anos, melloráronse as infraestruturas e con iso o transporte de mercadorías e pasaxeiros.

- **Transporte terrestre.** España conta cunha boa rede de estradas e autoestradas, así como a liña de ferrocarril de alta velocidade (AVE) que une algunhas das principais cidades españolas.
- **Transporte marítimo.** Os principais portos españois son os de Alxeciras, Barcelona **3** e Bilbao.
- **Transporte aéreo.** O aeroporto español con máis tráfico aéreo é o Adolfo Suárez Madrid-Barajas.



**1** Camións á espera de entrar no túnel do canal de Mancha, que une Europa con Reino Unido.

## SABER MÁIS

### Os servizos públicos

A educación, a sanidade e a seguridade cidadá son servizos públicos.

Os servizos públicos son o conxunto de actividades que teñen como obxectivo cubrir as necesidades de toda a comunidade.

Alguns servizos públicos proporciónaos exclusivamente o Estado. Por exemplo, a administración de xustiza ou a defensa do país. Outros proporciónanos as empresas privadas. Por exemplo, a subministración de electricidade. E outros pódenos proporcionar o Estado ou as empresas privadas indistintamente. Por exemplo, a educación.



**2** O transporte de mercadorías aéreo permite o traslado de produtos con maior rapidez.



**3** O porto de Barcelona é un dos máis importantes de España.

## O turismo

O turismo é a actividade que realizan as persoas durante as viaxes e estancias en lugares distintos do habitual para descansar ou divertirse.

Os servizos turísticos atenden as necesidades dos turistas. Por exemplo, hotéis, guías, restaurantes, etc.

Os motivos que teñen os turistas para desprazarse duns lugares a outros poden ser moi diversos. Algúns deles son os seguintes:



4 As actividades de turismo deportivo cada vez teñen máis seguidores.

TIPOS DE TURISMO	
<b>Turismo de sol e praia</b>	É o que se dá nas zonas costeiras en que se pode gozar das praias e doutras actividades acuáticas.
<b>Turismo rural</b>	É o que se desenvolve en pequenas localidades en que se está en contacto coa natureza e con formas de vida tradicional.
<b>Turismo cultural</b>	É aquel en que se visitan cidades e vilas para gozar dos seus monumentos e participar en diferentes actividades culturais.
<b>Turismo deportivo ou de aventura</b>	É o que consiste en realizar unha actividade física, xeralmente ao aire libre. Por exemplo, cicloturismo, descenso de ríos, windsurf... 4

Europa é o principal destino turístico mundial. Os visitantes séntense atraídos pola súa enorme riqueza cultural ou polas praias dos países do sur do continente.

Os países máis visitados son Francia, Italia, España, Alemaña e Reino Unido. 5

En España, o turismo é unha actividade moi importante, que ocupa a 12 de cada 100 persoas que traballan.

España é o terceiro país do mundo que acolle máis turistas. Destaca polo turismo de sol e praia e o cultural, polo seu patrimonio histórico e artístico.



5 Coliseo, en Roma. Millóns de turistas visitan cada ano Italia.

## ACTIVIDADES

1 Como é o transporte en España?  
Responde.

2 **EXPRESIÓN ESCRITA.** Explica con exemplos que tipos de turismo hai.

3 Cal é o continente máis visitado polos turistas en todo o mundo?

4 Que tipos de turismo son os máis importantes en España?

## 700 Negociar un acordo

Unha negociación é un proceso en que dúas ou máis partes tratan de chegar a un acordo que sexa beneficioso para todos. Nunha negociación non hai un gañador e un perdedor. Nunha negociación todos gañan.



### → Formade grupos.

- 1 TRABALLO COOPERATIVO.** Dividide a clase en dous grupos. Cada grupo representará as necesidades e os intereses dun destes dous países.

#### PAÍS A


- O seu sector pesqueiro está en crise. Os caladoiros esgotáronse e os barcos non poden saír a pescar. Os mariñeiros, os traballadores da industria conserveira, os empregados do mantemento dos barcos... temen polos seus postos de traballo.
- O seu sector da construción está moi desenvolvido. Posúe bos profesionais e contan coa tecnoloxía máis moderna.

#### PAÍS B

- A súa actividade pesqueira é moi reducida. Carecen dunha frota de barcos moderna e tampouco posúen unha industria conserveira de peixe por falta de financiación.
- A súa agricultura é moi potente, producen hortalizas e froitas.
- Apenas teñen capacidade para exportar os seus produtos debido a unhas infraestruturas terrestres, marítimas e aéreas anticuadas e en mal estado.

### → Elaborade unha estratexia.

- 2** Analizade as vosas necesidades e completade un esquema coma este.



- 3** Preparade un documento cunha proposta para negociar.


### → Demostrade que sabedes facelo.

- 4** Presentade as vosas propostas.

- Elixide un voceiro por cada grupo que se encargue de expoñer as propostas.
- Analizade o que vos ofrecen e o que tedes que dar a cambio.
- Alcanzade un acordo.

### → Pechade a negociación.

- 5** Redactade o texto do acordo, comprobade que é correcto e asinádeo todos.



- 1 RESUMO.** Copia e completa no caderno este resumo sobre as características da poboación e dos sectores produtivos de Europa.

**A poboación de Europa**

A poboación de Europa supera os \_\_\_\_\_ de persoas. É unha poboación \_\_\_\_\_ porque a natalidade é \_\_\_\_\_ e porque a \_\_\_\_\_ é moi alta.

A maior parte da poboación europea é \_\_\_\_\_, é dicir, viven en cidades. A densidade de poboación media de Europa é de \_\_\_\_\_.

A poboación europea distribúese de forma \_\_\_\_\_ polo territorio. Fundamentalmente concéntrase no \_\_\_\_\_ do continente, mentres que no \_\_\_\_\_ están as zonas menos poboadas.

**As actividades económicas de Europa**

No sector primario traballa o \_\_\_\_\_ da poboación activa europea. Destacan a \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ e a \_\_\_\_\_.


No sector secundario traballa \_\_\_\_\_ da poboación activa. Destacan a \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ e a \_\_\_\_\_.

No sector terciario traballa, o \_\_\_\_\_. Destaca o \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ e o \_\_\_\_\_.



- Sigue o modelo da actividade 1 e fai un resumo sobre as características da poboación e dos sectores produtivos de España.

- 2 ESQUEMA.** Completa no caderno o seguinte esquema.



- 3 PALABRAS CLAVE.** Fai unha lista no caderno con cinco palabras novas que aprendeses nesta unidade e escribe o seu significado.

## ACTIVIDADES FINAIS

- 1** **Escrebe no caderno o nome a que se refire cada definición.**
- As actividades que transforman materias primas en produtos elaborados.
  - Servizo a través do cal se distribúen produtos e se ofrecen aos consumidores.
  - Sector a que pertencen as actividades relacionadas coa explotación das canteiras e das minas.

- 2** **Di o nome dun país europeo en cada caso.**
- País do leste de Europa cunha gran produción de cereais.
  - País do norte de Europa en que a pesca ten moita importancia.
  - País do centro de Europa cun sector industrial moi relevante.

- 3** **Debuxa no caderno este gráfico sobre a poboación activa en Europa e sigue as instrucións.**
- Prepara a lenda cos nomes dos sectores de produción correspondentes.
  - Colorea o gráfico.
  - Escrebe a porcentaxe de poboación activa de cada sector.



- 4** **PARA PENSAR.** Escrebe no caderno dúas razóns para explicar por que os servizos se concentran nas cidades.

- 5** **Copia e completa esta ficha sobre o comercio exterior en España. Despois, fai unha ficha para o comercio interior.**

O comercio exterior é \_\_\_\_\_.


Exportar é \_\_\_\_\_.

Importar é \_\_\_\_\_.

España exporta \_\_\_\_\_.

España importa \_\_\_\_\_.

- 6** **TOMA A INICIATIVA.** Un empresario está buscando un lugar para instalar unha fábrica de fariña de trigo.



- Que Comunidade Autónoma española lle recomendarías: Castela e León ou Canarias? Por que?
- Investiga como é o proceso de elaboración e comercialización da fariña de trigo e explícao.
- Tendo en conta como é este proceso, Como lle aconsellarías a ese empresario que organizase a súa empresa?
- Se tivese que exportar o seu produto, onde o tería que vender: Noruega ou Alemaña? Por que?
- Que medio de transporte utilizarías para trasladar a fariña? Por que?

## 7 Observa o mapa e contesta.

### Número de turistas estranxeiros que visitaron as Comunidades e Cidades Autónomas de España en 2014



- Que se representou neste mapa? A que ano corresponde?
- Cales foron as tres Comunidades Autónomas máis visitadas polos turistas nese ano?
- Por que pensas que visitaron esas Comunidades?

## Demostra o teu talento

### Elixe e realiza unha destas actividades.

- Failles unha enquisa a dez persoas que coñezas e elabora unha lista coas súas profesións. Despois, representa nun gráfico os sectores económicos aos que pertencen esas profesións.
- Investiga se na túa familia hai alguén que se desprazou a vivir a outro país. Se non hai ninguén pregunta por alguén próximo. Explica a onde foron, en que traballaron, canto tempo estiveron, como foi a experiencia...
- USA AS TIC.** Busca información sobre a Organización Mundial do Turismo e di onde ten a sede e cales son os seus obxectivos.

